



Concello de Lugo

**En cumprimento da normativa vixente, notifícolle que a Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo, ditou o DECRETO NÚMERO 19007890, o cal é do teor literal seguinte:**

“o Decreto nº 19007206 do 28/08/2019 adoptouse o acordo de aprobación da lista para a cobertura laboral temporal de prazas na categoría de OFICIAL ALBANEL dende a que se irá chamando os/as candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un deles/as, cando sexa necesario proceder á cobertura interina ou temporal, de acordo ao resultado das probas publicado polo Tribunal de selección.

Visto que na páxina web está publicado o anuncio do resultado do primeiro exercicio pero que este foi obxecto de revisión tal e como consta no expediente do que resulta a seguinte puntuación:

| <b>APELIDOS E NOME</b>        | <b>1º PROBA</b> | <b>2º PROBA</b> | <b>TOTAL</b> |
|-------------------------------|-----------------|-----------------|--------------|
| José Abel Cedrón Rey          | 6,160           | 7               | 13,160       |
| Belarmino López Comesaña      | 8,160           | 5               | 13,160       |
| Pablo López Fernández         | 5,004           | 6               | 11,04        |
| Miguel Bravos Pazos           | 5,334           | Non apto        | 5,334        |
| Luis Miguel Fernández Paz     | 5,160           | non apto        | 5,160        |
| José Manuel Rodríguez Vázquez | 6,004           | 8               | 14,004       |

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e tendo en conta o Decreto nº 19005684 ditado o 1/7/2019 e modificado polo Decreto nº 19005695 ditado o 3/07/19 RESOLVE:

Primeiro.- Anular o decreto nº 19007206 do 28/08/2019

Segundo.- Aprobar a lista para a cobertura laboral temporal de prazas na categoría de OFICIAL ALBANEL, dende a que se irá chamando os/as candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un deles/as, cando sexa necesario proceder á cobertura interina ou temporal, conforme ao disposto no Texto Refundido da lei do estatuto dos traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, á vista da proposta do tribunal, de data 30 de abril de 2019, publicada no taboleiro de anuncios deste Concello e páxina web é a que a constunación se indica:



MURALLA  
patrimonio da humanidade

| Nº ORDE | APELIDOS E NOME           | DNI     |
|---------|---------------------------|---------|
| 1       | Lopez Comesaña Belarmino  | ***986G |
| 2       | Cedron Rey José Abel      | ***055S |
| 3       | López Fernández Pablo     | ***574K |
| 4       | Miguel Bravos Pazos       | ***175F |
| 5       | Luis Miguel Fernández Paz | ***375A |

Terceiro.- Que se proceda á súa publicación na páxina web e taboleiro de anuncios, coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa e que contra a mesma, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo, poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado deste orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte á súa publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñelo recurso contencioso administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

**O que lle notifico para o seu coñecemento e para os efectos oportunos, solicitándolle que asine a copia que se xunta, para constancia no expediente.**

Lugo, 27 de setembro de 2019  
A Xefa do Servizo de Persoal



Marta López Peña

**PAXINA WEB**